

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453181 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: gse

ASUNTO

Rectificación erro material no decreto nº 1147/2024 Aprobación padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio do mes de Outubro de 2023

EXPEDIENTE: 2024/X999/001125

ANTECEDENTES DE FEITO:

Na resolución núm. 1147 de fecha 20/06/2024, relativo a aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio, correspondente ao mes de Outubro de 2023, detectouse un erro material.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

O órgano competente para ditar este decreto, é a concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude, María Tania Pardo Cabarcos, en virtude do decreto da Alcaldía de delegación de competencias nos membros da corporación municipal, 1529/2023, do 5 de xullo .

Por iso, RESOLVO:

PRIMEIRO: Rectificar o Decreto nº 1147 de fecha 20/06/2024, relativo a aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio, correspondente ao mes de Outubro de 2023, conforme sigue:

Onde di:

CUARTO.- O prazo de cobro en período voluntario abranguerá dende o día 21 de xullo de 2024 ata o 21 de agosto de 2024

Debe dicir:

CUARTO.- O prazo de cobro en período voluntario abranguerá dende o día 21 de xuño de 2024 ata o 21 de agosto de 2024

O resto do contido do mencionado decreto queda invariable.

SEGUNDO: Publicar esta rectificación no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios electrónico da Corporación.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital